



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 16/03/2018.

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas do día dezaseis de marzo de dous mil dezaioito, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D.^a. Marta Rey Lema
D.^a. María Élida Pequeño Lorenzo
D.^a Estephanie Castro Oanes
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D.^a. Paula Mouzo Maceiras
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Non asisten:

D. Fernando Mancebo Amigo
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a. Raquel Rodríguez Amigo

Secretaria: D.^a. María Cristina Varela García
Interventora: D.^a. María Lourdes Castro Pena

O alcalde xustifica o cambio de data do pleno, motivado porque o último venres de mes é festivo, e anuncia a inclusión na orde do día dun asunto ditaminado o xoves pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, referido á Modificación Puntual n.º 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento.

A Sra. Mouzo Maceiras pide a palabra para xustificar a ausencia da Sra. Rodríguez Amigo, que por mor das inclemencias do tempo non puido desprazarse.

O Sr. Alcalde desculpa a ausencia do Sr. Vidal Mira, que por motivos laborais non vai estar no inicio da sesión pero que tratará de incorporarse antes do seu remate.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xaneiro de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Non formulándose ningunha observación, queda aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de xaneiro de 2018.



2º. Resolución do expediente de investigación sobre o camiño de Reboredo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 7 de marzo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 13 de marzo de 2018, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: resolución do expediente de investigación do camiño de Reboredo, Salto.

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.-

I.- Por acordo do Pleno de data 27 de xullo de 2014 incoouse expediente de investigación do camiño de Reboredo, parroquia de Salto, por denuncia do concelleiro Manuel Soto Pérez.

O acordo foi publicado no BOP nº 143 do 30 de xullo de 2014, e notificado individualmente aos titulares catastrais das parcelas colindantes co citado camiño: Herdeiros de Amparo Regueira (001004700MH97D0001YB), M^a Came Elisa Lema Coteló (parcela 5053 polígono 503), Delfina Pose Lema (parcela 523 polígono 503) e D^a. Isabel Lavandeira Regueira (parcela 5063 polígono 503).

II.- Por providencia da Alcaldía solicitouse informe á funcionaria responsable do Padrón de habitantes, para que formulase relación do/as veciños/as de maior idade do lugar. O informe emitiuse o 31 de marzo de 2015.

III.- Por providencia da Alcaldía de data data 31 de marzo de 2015, acordouse a apertura dun período de proba, polo prazo dun mes, outorgándolle ás partes interesadas un prazo de cinco días hábiles para propoñer testemuñas, que lle foi notificada á interesada o 1 de abril de 2015 (RS 2545).

D^a. M^a Isabel Lavandeira Regueira presentou escrito o 8 de abril de 2015, con RE 2820, con proposta de testemuñas. En total, propón seis (6 testemuñas), sendo tres delas coincidentes coas propostas de oficio por este concello.

O 28 de abril de 2015, con RE 3298, D^a. M^a Isabel Lavandeira Regueira presentou informe pericial do enxeñeiro técnico agrícola D. José Ángel Pose Rodríguez.

IV.- Por Providencia da Alcaldía de data 11 de maio de 2015 admitiuse a proba testifical proposta de oficio pola administración e por D^a. M^a Isabel Lavandeira Regueira, así como a proba pericial aportada con RE 3298/15.

Consta acta da práctica da proba testifical o 19 de maio de 2015, sen que se realizaran máis trámites.

V.- O 17 de novembro de 2017 declarouse a caducidade do expediente e iniciouse un novo, con incorporación dunha serie de documentos, ao abeiro do art. 95.3 da Lei 39/2015, cales son:

1º. Informe da Policía Local con RE 7345/11.

2º. Escrito de denuncia do concelleiro de IxV Manuel Soto Pérez con RE 3219/13.

3º. Informe emitido polo arquitecto Daniel Beiras García-Sabell o 23 de xullo de 2013.

4º. Consultas descritivas e gráficas do Catastro das parcelas 5063, 5053, 523 e 047 e plano das NNSS de Planeamento do núcleo de Reboredo.

5º. Títulos de propiedade de M^a Carmen Elisa Lema Coteló, Cándido Suárez Graíño.

6º. Información remitida polo Arquivo do Reino de Galicia con RE 717/14.

7º. Información remitida polo xefe do Servizo de Infraestruturas Agrarias con RE 2912/14.

8º. Informe emitido pola secretaria municipal o 20 de xuño de 2014.

9º. Informe pericial de D. José Angel Pose Rodríguez aportado co escrito con RE 3298/15.

10. Acta da proba testifical celebrada o 19 de maio de 2015 e plano que se lles mostrou, dilixenciado pola secretaria.

O acordo foi publicado no BOP nº 223 do 23 de novembro de 2017, e notificado individualmente aos interesados.

VI.- D^a. María Isabel Lavandeira Regueira presentou escrito de alegacións o 1 de decembro do 2017, con RE 7494, no que solicita que se una ao expediente unha fotografía.

VII.- Formulada proposta de resolución pola instrutora o 08/01/2018, foille notificada aos interesados. D^a. María Isabel Lavandeira Regueira presentou escrito de alegacións o 23/01/2018 con RE 404/18.

VIII.- Na sesión plenaria celebrada o 26-01-2018 acordouse, a petición da instrutora, ampliar o prazo para a resolución do expediente en mes e medio máis (ata o 01-04-2018).

Consta informe emitido polo asesor xurídico do Concello, D. Óscar R. Rodríguez Insúa, en data. 20-02-2018, respecto das alegacións presentadas.



II.- LEXISLACIÓN APLICABLE.-

1. Artigos 44 a 55 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL);
2. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas;
3. Artigo 4.1.d), 21.1.s) e 68 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local;
4. Artigos 280 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-

Única.- Sobre as alegacións presentadas por D^a. María Isabel Lavandeira Regueira o 23/01/2018, con rexistro de entrada n^o 404/18.

En primeiro lugar, dase conta da proposta de resolución emitida pola instrutora o 08-01-2018, en concreto as consideracións xurídicas, que se transcriben literalmente:

>>Primeira.- Sobre as alegacións presentadas por D^a. María Isabel Lavandeira Regueira o 1 de decembro de 2017, con rexistro de entrada n^o 7494.

- 1^o. Que o camiño é privado, o cal debe deducirse de que non figure no inventario nin no planeamento urbanístico;
- 2^o. Que o camiño formaba parte dunha servidume de paso cara as fincas de Agra Nova, que quedou extinguida cando a concentración parcelaria dotou de acceso a esas parcelas por outros sitios, hai máis de cincuenta anos.
- 3^o. Que a súa propiedade estivo pechada cunha cancela de madeira, como se aprecia nas fotografías que aporta co seu escrito.

Non consta a proposta de proba, polo cal esta instrutora admite a fotografía e as alegacións presentadas con RE 7494/17, e procede a emitir proposta de resolución en base ao estudo e valoración de toda a documentación que consta no expediente.

En relación coas alegacións presentadas, indícase o seguinte:

1^o. Sobre o carácter privado do camiño por non figurar no inventario de bens nin no planeamento urbanístico.

En primeiro lugar, debemos partir da premisa de que o feito de que un camiño no figure no inventario municipal de bens nin no planeamento urbanístico non é un sinal inequívoco do seu carácter privado. Por parte da funcionaria que subscribe xa se ten constatando en numerosas ocasións a omisión en ambos documentos de vías de indubitado carácter público. Trátase, pois, de omisións que deben corrixirse.

2^o. Sobre o seu carácter privado como servidume de paso.

Afirma a interesada que este tramo do camiño formaba parte dunha servidume de paso cara as fincas da paraxe de Agradas Novas, que se extinguiu cando se aprobou a concentración parcelaria de Salto.

A este respecto, debe indicarse que a servidume de paso en Galicia, é definida pola Real Academia Galega como aquel dereito que ten o dono dunha propiedade sen saída a un camiño público, a esixir paso polas propiedades veciñas. Aparece regulada la Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

No presente expediente, constan os seguintes títulos de propiedade, e revisados os mesmos a efectos de comprobar as referencias á servidume alegada, resulta o seguinte:

- D. Cándido Suárez Graíño e D^a. Delfina Pose Lema aportaron escritura de compravenda ante Notario (ano 1983) da finca de reemprazo n.º 523, e na mesma non se fai referencia a que se trate dun predio servente.

- D^a. M.^a Isabel Lavandeira Regueira aporta escritura de compravenda ante Notario (1976) da parcela nomeada "EIRA", que sinala como lindes: "Norte, camino; Sur, bienes de herederos de D. Evaristo Martelo, hoy propiedad de la señora compareciente; Este, ribazo, y luego Caridad Martínez, hoy Dolores Aguiar, y Oeste, camiño de Agra Nova.- En esta finca existen emplazados un hórreo de cuatro pies por banda y un cubierto de unos diez metros cuadrados."

- - D^a. M.^a Isabel Lavandeira Regueira aporta documento privado de compravenda (1979) da parcela nomeada "EIRA", que linda: "Norte, con finca propiedad del aquí comprador; Sur, con finca propiedad de la vendedora; Este, Dolores Aguiar, y Oeste, camino al Agra Nova".

Ambas parcelas foron adquiridas a a D^a. Amparo Regueira Rodríguez, e en ningunha se fai referencia a esa suposta servidume ou camiño de servizo, senón a un camiño coñecido como "camiño de Agra Nova". Os títulos foron aportados pola Sra. Lavandeira Regueira como anexos ao informe pericial que presentou como proba o 28/04/2015 con RE 3298. Non obstante, en decembro de 2013 o concello requiriulle aos propietarios dos predios lindantes co camiño (entre eles M.^a Isabel Lavandeira Regueira) que achegasen os títulos de propiedade.

Este camiño está ubicado nunha zona excluída da concentración parcelaria, tal como manifesta o propio Servizo de Infraestruturas Agrarias, conservando, en consecuencia, á natureza que tiña antes da concentración.



O camiño apreciase con claridade na documentación gráfica remitida polo Arquivo do Reino de Galicia. A petición do Concello de Vimianzo centrábase no camiño lindante coa parcela 523 actual, e a técnica de arquivos Susana Quiroga informa o seguinte:

- a) *Nas fotografías e nos libros de polígonos do ano 1958 de Catastro, non existe o polígono 503, nin a parcela núm. 523.*
- b) *Da comparación dos planos que se xuntan coa consulta e as fotografías 98C do Catastro e o clixé núm. 8716B de Concentración Parcelaria, a actual parcela 523 parece corresponderse coas parcelas 77, 78, 79, 80 e 82 do polígono 79-A. **Xúntanse por correo electrónico estas fotografías, onde se aprecia claramente o camiño.***
- c) *A información correspondente aos lindeiros do camiño, segundo figura no libro de polígonos 79-A do ano 1958, é a seguinte: (...).*

Entre as parcelas que lindan co camiño están a IV (identificada como casas, correspóndese coa vivenda de M.^a Isabel Lavandeira Regueira) e VI (casas, correspóndese coa vivenda de Amparo Regueira Rodríguez) e a 63 (Amparo Regueira Rodríguez). Na parcela 63 ubícase a eira e o hórreo, que despois adquirirá M.^a Isabel Lavandeira Regueira. Sendo certo que o camiño se aprecia con total claridade na cartografía do Arquivo do Reino de Galicia (voo americano do 1957), precisamente o obxecto deste expediente é determinar se é de uso público ou non. En caso contrario, este concello concluirá o expediente sen declarar o seu uso público, pero en ningún caso cualificará xurídicamente o seu carácter. Debe ser a parte que alega o seu carácter privado a que demostre documentalmente tal carácter, e neste caso a afirmación de que estamos diante dunha servidume de paso non se acredita por ningún medio.

Respecto á testifical practicada, debe indicarse o seguinte:

- 1º. D. Cándido Suárez Graíño (proposto por M.^a Isabel Lavandeira Regueira): propietario da parcela 523. Ten 62 anos e non naciu en Reboredo. Leva preto de 40 anos residindo alí.
- 2º. Jesús Martínez Barreiro (foi citado de oficio): ten 69 anos e leva 42 anos residindo na zona. Declara que o camiño era público antes da concentración e non foi concentrado. Non sabe como se chama o camiño, pero sinala que antes había unha cancela de madeira para que os porcos non pasaran para as agras.
- 3º. Manuel Miñones Vázquez (proposto por M.^a Isabel Lavandeira Regueira): ten 72 anos e di que antes da concentración parcelaria era camiño de servizo para as fincas e despois só o usou Isabel Lavandeira.
- 4º. Silverio Miñones Vázquez (proposto por M.^a Isabel Lavandeira Regueira): ten 74 anos e naceu e vive en Reboredo. Di que antes da concentración parcelaria era camiño de servizo para as fincas e despois quedou inutilizado.
- 5º. José Constantino Lema Espasandín (foi citado de oficio): ten 72 anos e non naciu en Reboredo, pero leva 46 anos residindo alí. Declara que non lle fixo falla pasar nunca por ese camiño, pero non aclara se é público ou é un camiño de servizo.
- 6º. Bonifacio Pérez Martínez (foi citado de oficio): ten 75 anos e naciu e vive en Reboredo. Declara que escoitou que era camiño público pero nunca pasou por el.
- 7º. M.^a Carmen Castiñeira Regueira (proposta por M.^a Isabel Lavandeira Regueira): ten 52 anos e naciu e viviu en Reboredo ata os 22 anos. Entra en numerosas contradicións e non é capaz de lembrar por onde era o acceso para a súa casa antes da concentración (1963), pero sí outros detalles daquel período. Ao ser prima carnal da interesada, este testemuño ten un valor relativo.
- 8º. José Pérez Miñones (proposto por M.^a Isabel Lavandeira Regueira): ten 79 anos e viviu sempre en Reboredo. Sí lembra que o acceso para a casa de Amparo Regueira era polo camiño investigado. Declara que o camiño ía dende a casa de Amparo Regueira ata enlazar polo norte co outro camiño do lugar, e era o acceso que tiña a casa de Amparo, antes e despois da concentración. A finca na que se ubican as casas de Amparo é Isabel orixinalmente era unha soa. Tamén declara que a cancela estivo aí toda a vida e a xente abría a cancela e pasaba, a pé pasaba quen quixera, cos carros só os propietarios das parcelas.

Segunda.- Sobre a avaliación da proba incorporada (procedente do expediente declarado caducado) e a practicada neste segundo expediente.

Con carácter previo, considerase procedente realizar unha avaliación do conxunto das practicadas e incorporadas ao expediente, tanto acordadas de oficio polo concello como aportadas polas partes.

Da proba documental aportada pode afirmarse a existencia dun camiño, cuxo trazado se aprecia con total claridade na cartografía do Arquivo do Reino de Galicia (voo americano do 1957) consta no informe emitido por ese organismo e tamén no propio Catastro actual. Asemade, os títulos de propiedade que constan no expediente fan referencia ao "camiño de Agras Novas".

O resultado da proba testifical practicada o 19 de maio de 2015 é contraditorio: todas e cada unha das testemuñas identificaron perfectamente a zona obxecto de investigación, e coincidiron en que se trataba dun camiño que deixou de



empregarse a partires da concentración parcelaria. Sen embargo, hai contradicción entre o uso do camiño antes de 1963: a maior parte das testemuñas (propostas pola interesada) afirman que era un camiño de servizo empregado só polos donos das fincas da zona e que deixou de empregarse cando se fixo a concentración ao abrirense outros camiños; mentras que outros declararon que antes da concentración era público e despois só transitaban os afectados. O certo é que a declaración de José Pérez Miñones é moi esclarecedora da situación previa ao ano 1963:

- para a casa de Amparo Regueira había que acceder polo camiño investigado dende o camiño público do norte, que ven do lugar de Reboredo. Trátase dunha vivenda tradicional, que os pais de M.^a Carmen Castiñeira Regueira mercaron en 1953 (segundo declara), con eira na que se ubica un hórreo. En 1963 o acceso varía, dado o ramal que polo sur da vivenda abre a concentración parcelaria. A vivenda de Isabel Lavandeira Regueira construese despois de 1963, na mesma finca. De feito, o Catastro actual recolle as dúas vivendas na mesma parcela. A división dunha parcela en dúas é un dos supostos de constitución dunha servidume de paso, chamada “servidume do pai de familia”, dereito real que se constitúe no momento do alleamento ou partición.

- a existencia dunha cancela de madeira, xa antes da concentración, é un feito que non denota o carácter privado do camiño, pois a función da cancela era pechar o acceso á agra, tal como indica unha das testemuñas, para impedir a entrada do gando ou dos porcos.

- o camiño a Vimianzo facíase polo camiño investigado antes da concentración parcelaria, factor que de seguro supoñía un tránsito importante de persoas e animais de Reboredo á vila de Soneira.

Parece evidente que o tránsito polo camiño investigado diminuíu drásticamente a partires de 1963, con motivo da apertura de novos camiños por parte da concentración parcelaria. Nesta afirmación coinciden todas as testemuñas, pero esa non é a cuestión que nos ocupa. A cuestión a dilucidar é o uso público do camiño e, dado que se trata dunha zona excluída da concentración, conserva o seu carácter primixenio.

Considero que as probas practicadas son suficientes para proceder á súa valoración e emitir unha proposta de resolución, da que se dará audiencia ás partes polo prazo de dez días hábiles previsto no artigo 53 do RBEL. Faise necesaria unha labor de interpretación da proba practicada.

Considero que debe outorgarse maior credibilidade ás testemuñas citadas de oficio que ás propostas pola interesada, e entre estas, ás persoas de maior idade. Bonifacio Pérez Martínez ten 75 anos, naciú en Reboredo e leva 46 residindo no lugar (dende 1969), e manifestou que antes da concentración era o camiño que había para ir a Vimianzo. José Pérez Miñones ten 79 anos e declarou no mesmo sentido, ademais de aclarar que o acceso á casa de Amparo Regueira era polo camiño investigado. Á claridade de ambas declaracións hai que sumarlle ás numerosas contradicións nas que incurriu M.^a Carmen Castiñeira Regueira, que non foi quen de aclarar cal era o acceso para a súa casa.

Ao respecto do concepto de “camiños rurais”, resulta esclarecedora a consulta publicada en “El Consultor de los Ayuntamientos” nº 28 de 2002, que expresa o seguinte parecer:

*“Todos aquellos caminos que unen núcleos de población con estaciones, mercados, con otros núcleos, con santuarios, monasterios e incluso ermitas y que transcurren a lo largo de heredades o fincas son de titularidad o competencia municipal, y su conservación, mantenimiento y policía corresponde a las Entidades locales. **En definitiva, caminos rurales con aquellos de titularidad y competencia municipal que facilitan la comunicación directa con pueblos limítrofes, con pequeños núcleos urbanos, con simples fincas y que sirven a los fines de la agricultura y de la ganadería.***

*Son bienes de uso y dominio público, de ahí la importancia de distinguir su naturaleza pública o privada. El carácter público o privado dependerá de la naturaleza pública del suelo sobre el que transcurren. Camino público es aquel cuyo suelo es público. El suelo del camino privado es ajeno y sobre él no cabe más que la servidumbre. **Son caminos públicos los que arrancan, transcurren y finalizan en terrenos públicos.** Por otra parte el camino privado no es tal camino rural o estrictamente rural (STS de 27 de mayo de 1995; la Ley 1995, 791).*

La jurisprudencia tiene declarado que los caminos tienen la condición de públicos (STS de 7 de mayo de 1987; la Ley, 1987, 4-173), siendo a estos efectos indiferente que no figuren en el Inventario de Bienes si el carácter de uso público del camino se acredita suficientemente (STS de 29 de septiembre de 1989; Ponente: Reyes Monterreal). Son bienes de dominio público destinados a un uso público de titularidad municipal. Ni siquiera el hecho de que en el Registro de Propiedad estuvieran inscritos como propiedad privada constituye un obstáculo a la titularidad y carácter de dominio y uso público del camino. (...).”

En consecuencia, o dato esencial é o do uso xeral, aberto ó público, como se deduce da ponderación razoada das probas aportadas ó expediente, sometidas a criterios de sana crítica e dende a perspectiva xurídico-pública do ordenamento que nos toca aplicar.



Non consta unha proba contundente do carácter privado do espazo investigado, é dicir: non queda acreditada a propiedade de María Isabel Lavandeira Regueira sobre ese espazo que, dende o seu peche ao uso público coa instalación dunha cancela de ferro, incorporou á súa posesión privativa.

Doutro lado, a lexislación urbanística de Galicia (Lei 9/2002 do 30 de decembro, derogada pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro) incluída a dos solos de núcleo rural, constitúe un elemento máis de ponderación cara a súa consideración de solo de uso público, de conformidade ou en concordancia co disposto tamén no regulamento de bens das entidades locais.

Estamos, pois, diante do que se coñece como un/ha “corredoira/o”, que a Real Academia Galega define como “*camiño de carro*”, “*camiño estreito que serve de paso para as leiras e terreos próximos*”. Marcial Valladares Núñez (1884): Diccionario gallego-castellano, Santiago, Imp. Seminario Conciliar, define a corredoira como sinónimo de “*congostra: camino de carro, entre muros, ó ribazos, que guía á las heredades al monte, ó de un lugar á otro.*” O habitual é que se trate de camiños sen asfaltar, e polo tanto sen intervención das administracións públicas na súa conservación e mantemento.

De conformidade có previsto no Art. 52 e concordantes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, en relación co art. 82 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, abrírase un prazo de dez días hábiles para que os interesados podan formular as alegacións que teñan por conveniente. Desta proposta de resolución darase conta tanto á administración autonómica, como a administración Central.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Propoñer a declaración como ben de dominio público, debido ao seu uso público, do camiño no lugar de Reboredo, identificado co N.R.C. 15093A503090390000MG, cunha superficie de 216 m².

SEGUNDO.- Unha vez que esta proposta de acordo se eleve, de proceder, a acordo definitivo, adoptaranse os acordos que procedan respecto da súa inscrición no inventario e/ou no Rexistro da Propiedade, xunto cos demais trámites que procedan de acordo co ordenamento xurídico, en concreto: o exercicio das potestades de deslinde e recuperación de oficio.

TERCEIRO.- Notificar este acordo, como acto trámite, ás partes identificadas no expediente e tamén á administración central autonómica, dándolle ás partes un prazo de dez días hábiles para que formulen as alegacións que estimen procedentes, indicando que o expediente tramitado se pon a súa disposición.

Vimianzo, a 8 de xaneiro de 2018

A instrutora

María Cristina Varela García>>

Presentado escrito de alegacións á citada proposta, as mesmas foron analizadas no informe xurídico emitido polo Sr. Rodríguez Insúa en data 20-02-2018, con RE 1038/18, que se transcribe literalmente:

“Cee, 20 de febreiro de 2018.

ASUNTO: Informe xurídico sobre as alegacións efectuadas por dona María Isabel Lavandeira Regueira, con data 23 de xaneiro de 2018, no expediente de investigación do camiño de Reboredo.

A petición do Concello de Vimianzo, o letrado que subscribe, en relación co asunto antes referido, elabora o presente **INFORME**.

PRIMEIRO.- Dona María Isabel Lavandeira Regueira, na súa alegación primeira, fai referencia á **improcedencia da instrución do expediente de investigación**.

Compre dicir ao respecto que o artigo 4 da Lei de Bases de Réxime local da cobertura legal ao artigo 45 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1372/1986, que establece que as Corporacións Locais teñen a facultade de investigar a situación dos bens e dereitos que se presuman da súa propiedade, sempre que esta non conste a fin de determinar a titularidade dos mesmos. É unha das chamadas potestades exorbitantes do réxime xurídico dos bens da Administración caracterizado pola autotutela, pero non pode alterar nin o dereito de propiedade nin tampouco a posesión definitiva dos bens.



A xurisprudencia ten declarado de modo reiterado que a Administración ao exercitar estas medidas de protección nin prexulga nin decide sobre a natureza e definitiva pertenza demanial e posesoria dos bens recuperados, aspectos este último reservado aos Tribunais ordinarios (sentenzas do Tribunal Supremo de 6 de marzo de 1992 e 9 de maio de 1997).

Dita potestade ten por obxecto pescudar a situación de aqueles bens cuxa titularidade non consta, pero existen indicios de que puideran corresponder á Entidade Local e que supoñen un conxunto de actuacións encamiñadas a esclarecer, na esfera interna da propia Administración, a eventual titularidade pública de determinados bens como trámite ou presuposto previo ao resto das potestades (deslinde, recuperación de oficio, etc.). Así, a sentenza do Tribunal Supremo de 10 de decembro de 2.001 establece ao respecto que *"el Reglamento otorga potestades para la investigación y recuperación de los bienes desprendiéndose del mismo que los municipios pueden declarar su titularidad sin perjuicio de que los particulares que se entiendan perjudicados puedan recurrir ante la jurisdicción civil"*.

O artigo 55, apartados primeiro e segundo, do Regulamento de Bens das Corporacións Locais, establece que o coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión da investigación practicada corresponderalle á xurisdición ordinaria, e que os afectados pola resolución do expediente de investigación poderán impugnalas en vía contencioso-administrativa; polo que tendo en conta o carácter declarativo do acordo resolutorio, admite unha dobre impugnación: os actos administrativos son susceptibles de recurso Contencioso-Administrativo, mentres que as cuestións de titularidade expóranse antes os Tribunais Cívís. A sentenza do Tribunal Supremo de 12 de decembro de 1989 interpreta dito precepto querendo dicir que na vía contenciosa poden impugnarse as infraccións do procedemento, as cuestións administrativas expostas na resolución e nos actos de trámite si imposibilitan continuar o procedemento; e a xurisdición civil será a competente nas cuestións desta natureza contidas na resolución (declaracións de titularidade e as de contido conexo ou complementarias coa mesma).

Porén, o Concello de Vimianzo cumpriu coa súa obrigaición de investigar a titularidade dun ben que se presumen da súa titularidade, ao constarse que existían indicios suficientes para supor que o camiño de Reboredo obxecto do expediente de investigación foi indebidamente usurpado pola parte demandante, utilizando así unha potestade municipal en defensa do seu patrimonio e para asegurar a adecuada utilización do mesmo, según dispón o artigo 4.2 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

SEGUNDO.- Dona María Isabel Lavandeira Regueira tamén fai referencia a que non existen indicios da existencia de que o camiño obxecto de investigación sexa público, xa que non está inventariado, considerando nas súas primeiras alegacións que se trata dunha servidume de paso, e nas súas últimas alegacións, que o camiño é unha serventía.

Compre dicir que estas figuras xurídicas son moi distintas entre sí, xa que a servidume de paso trátase dun dereito real, no que un predio dominante ostenta un dereito de paso a través dun predio servinte, sendo a serventía un camiño privado de titularidade común e sin asignación de cotas, calquera que sexa o que cada un dos seus condóminos cedera para a súa constitución.

Dona María Isabel Lavandeira Regueira non acreditou a existencia desa serventía, xa que non aportou o negocio constitutivo da mesma, nin tampouco puido acreditar a súa existencia a través das presuncións recollidas no artigo 78 da Lei de Dereito Civil de Galicia, xa que non acreditou a existencia da agra, nin cales son as leiras que forman parte desa agra, nin quen sos os comuneiros que ostentan o dereito sobre esa serventía, nin tampouco que o camiño obxecto de investigación foxe utilizado de modo continuo para servizo exclusivo das fincas desa agra.



E no referente á colindancia nos títulos das fincas que se serven por el, a Lei exige que a mesma se dé en todas ou, polo menos, en varias das fincas nas que está constituída a serventía, xa que o nomeamento na titulación nun solo dos predios non pode servir de base para a presunción legal, co fin de evitar o risco de títulos creados ad hoc para tratar de beneficiarse da presunción.

A serventía implica unha situación de comunidade sobre o terreo, sendo polo tanto incompatible coa titularidade exclusiva dalgún dos seus propietarios, que é o que alega dona María Isabel Lavandeira Regueira.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 21 de xuño de 2005, que cita, á súa vez, ás de 17 de novembro de 1997 e 18 de setembro de 2002, afirmaba a existencia de serventía por exclusión cando se descarte, por unha parte, a natureza demanial do terreo sobre o que se efectúa o paso e, por outra, a atribución exclusiva da súa propiedade a algún dos seus usuarios.

Pois ben, das probas practicadas no expediente púidose constatar que o camiño foi de uso público, sin que perda o seu carácter demanial polo simple feito de que se impida o paso polo mesmo, ou se teña posto unha cancela a modo de peche, xa que os bens demaniais son imprescritibles.

Así, e tal e como pon de releve a Instrutora, varias das testemuñas coinciden en que o camiño era de uso público e, concretamente, que foi usado polos veciños para ir ata Vimianzo ata que se fixo a concentración parcelaria. É preciso salientar, ademais, que dona María Isabel Lavandeira Regueira non propuxo ningunha testemuña que ostente, ou ostentara, un dereito sobre esa suposta serventía, xa que de ter existido a mesma, sería de moi fácil probanza a través desas testemuñas.

E, por outro lado, en varios dos documentos se indica que as fincas lindan cun camiño que vai á Agra Nova, e non cun camiño de servizo que forma parte integrante dunha agra que pertence, en condominio, a varios propietarios das parcelas da agra.

Porén, tras practicarse as dilixencias de averiguación previas, púidose constatar a existencia de indicios que xustifican que o Concello de Vimianzo cumpra coa súa obriga de investigar a existencia dun camiño público que puido ser usurpado por dona María Isabel Lavandeira Regueira.

CONCLUSIÓNS: Debe desestimarse integramente as alegacións efectuadas por dona María Isabel Lavandeira Regueira, debendo declararse como ben de dominio público, ao tratarse dun camiño de uso público, a zona obxecto de investigación.

Este é o meu criterio que así expreso, según o meu leal saber e entender, suxeito a mellor criterio fundado en dereito.”

No uso das facultades que me confire a normativa vixente, e de conformidade có previsto no Art. 53 e concordantes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, elevo ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por María Isabel Lavandeira Regueira o 23/01/2018 con RE 404/18 contra a proposta de resolución do expediente formulada pola instrutora o 08/01/2018, polos motivos expostos no informe emitido o 20/02/2018 polo asesor xurídico Sr. Rodríguez Insúa, que consta transcrito literalmente na parte expositiva do presente acordo e serve de motivación ao mesmo, en cumprimento do disposto no 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.



SEGUNDO.- Declarar como ben de dominio público, debido ao seu uso público, do camiño no lugar de Reboredo, identificado co N.R.C. 15093A503090390000MG, cunha superficie de 216 m².

TERCEIRO.- Proceder á taxación deste ben e á súa inscrición no inventario e/ou no Rexistro da Propiedade, xunto cos demais trámites que procedan de acordo co ordenamento xurídico.

CUARTO.- Notificar este acordo, como acto que pon fin á vía administrativa, ás partes no expediente e tamén á administración central autonómica, con indicación dos recursos que procedan.

Vimianzo, a 7 de marzo de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que este asunto está máis que debatido e resume que un particular pechou u camiño en Reboredo cun portal de ferro. Aquí estamos diante de tres opcións: que sexa un camiño de servidume (o que alegaron inicialmente), que sexa unha serventía (o que alegan agora) ou que sexa un camiño público. Sexa camiño público ou sexa serventía, o particular non está lexitimado para extingui-la unilateralmente. Explica que o camiño linda con tres fincas e fai referencia aos títulos de propiedade de cada unha e como describen o camiño. Un dos títulos é de 1926 e cualifica o camiño coma público, e a documentación remitida polo Arquivo do Reino de Galicia do voo do 1957 tamén o identifica perfectamente. A instrutora propón que o camiño se declare como de uso público, e no mesmo sentido se pronuncia o informe xurídico. O particular xa abandona a defensa da servidume de paso, polo tanto o escenario é que estaríamos diante dunha serventía ou camiño público.

A concelleira do PSOE pide que se solucione dunha vez este asunto e non se dilate máis no tempo.

O concelleiro de TEGA di que este expediente tiña que terse resolto moito antes e así evitarían moitos problemas entre veciños, xa que agora os señores terán que levantar o pavimento e quitar o portal. Acusa ao alcalde de saber dende o principio que o camiño era público e por eso non sabe por que agardou tanto, pois para privatizar os servizos dase máis presa.

A concelleira de IxV di que o seu grupo dende o 2012 está reclamando que se investigue este camiño e o alcalde acaba de dar unha xustificación pero hai moitas probas. Di que dende 2014 hai informes e non se explica como puido ter o expediente nun caixón tanto tempo. Había medios suficientes para resolver este expediente antes. Táchao de irresponsable por estar 7 anos agardando para resolvelo.

O alcalde responde que a oposición xa sabe dos problemas de tramitación dos expedientes de investigación, pois así se lles contou nunha comisión informativa, na que se trazou unha folla de ruta que se cumpriu. Di que o concello non pode facer as cousas de calquera maneira, e se o concelleiro de TEGA tiña tan claro que o camiño era público, como lle deixou poñer o portal de ferro no 2010.

O Sr. Rodríguez Blanco dille ao alcalde que non minta.

O alcalde di que a resolución está fundamentada e a oposición non pode facer a crítica pola crítica. Nunca houbo intención de facer maniobras raras, porque se a houbera non se tramitaría o expediente. As explicacións pertinentes xa se deron na comisión. Un dos problemas era o prazo de resolución dos expedientes, de dous anos segundo a normativa estatal e autonómica e de tres meses segundo a lei de procedemento. Esta cuestión aclarouse coa sentenza sobre o expediente do camiño do Ribeiro-Pasarela. Se o alcalde quixera que o expediente caducara, convocaría o pleno para despois da semana santa.

A concelleira de IxV pide un segundo turno de intervencións.

O concelleiro de TEGA afirma que non sabe quen lle dou permiso para poñer o portal, pero o alcalde na comisión dixo que lle deran permiso para pavimentar.

A concelleira de IxV acusa ao alcalde de ter máis presa en resolver o expediente de Pasarela, cando este é máis antigo. Os dous anos de prazo pasaron amplamente porque xa se iniciou no 2014. Lembra que no anterior pleno o alcalde botou fóra ao veciño de Reboredo interesado en que se resolva este expediente, e agora debería pedir-lle disculpas.

O alcalde di que unha cousa son as ideas que ten un na cabeza e outra cousa é formalizar esas ideas. A denuncia de IxV formalizouse no 2013, despois da de Pasarela. Nestes momentos temos unha resolución, que non é a que



Ile parece ao alcalde, senón a da instrutora. No informe da policía local do ano 2011 se recoñece que o portal se colocou dous anos antes, momento en que non era alcalde. Os problemas pola colocación dese portal chegaron despois.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor de Adiante Vimianzo, IxV e Sr. Rodríguez Blanco, unha abstención da Sra. Mouzo Maceiras e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3º. Aprobación do expediente de contratación do Servizo de Xestión de Residuos do Concello de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 8 de marzo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 13 de marzo de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do expediente de licitación do contrato de “Servizo de xestión de residuos urbanos do Concello de Vimianzo”. Expediente TEDeC 2018/C004/000002.

Vista a providencia da alcaldía de data 07/03/2018 pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación do “Servizo de Xestión de Residuos do Concello de Vimianzo”.

Vista a proposta de prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e do prego de prescricións técnicas (PTP), ambos de data 07/03/2018.

Tendo en conta a natureza do obxecto do contrato e de acordo co establecido art. 17 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), estamos diante dun contrato administrativo de servizos. A necesidade da contratación, de acordo co art. 28 do LCSP, ven xustificada na providencia da alcaldía.

Visto que o valor estimado do contrato como máximo ascende a 1.226.500,00 euros (IVE non incluído) e cuxo prazo de duración será de catro anos con posibilidade de prorrogalo por outro ano máis, estímase procedente a contratación do referido servizo mediante procedemento aberto (art.156 LCSP) e tramitación ordinaria.

O tipo máximo de licitación anual ascende a contía de 296.813 euros (base: 245.300 €; 21% IVE: 51.513 €), correspondendo as seguintes cantidades máximas por lote:

	Prezo anual sen IVE	IVE 21%	Prezo anual con IVE	Prezo total (x4 anos) sen IVE	Prezo total (x4 anos) con IVE
Lote 1	237.300	49.833	287.133	949.200	1.148.532
Lote 2	8.000	1.680	9.680	32.000	38.720

O tipo máximo de licitación durante o a duración total do contrato (catro anos) é de 981.200 euros, sen IVE; e de 1.187.252 euros con IVE.



En cumprimento da Disposición Adicional terceira da LCSP, consta informe favorable emitido pola secretaria municipal en data 07/03/2018 e informe de fiscalización previa da fase A do contrato, emitido pola intervención municipal en data 08/03/2018, en sentido favorable.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e Disposición Adicional segunda da LCSP.

Por todo o exposto, elévase ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do Servizo de Xestión de Residuos do Concello de Vimianzo, o prego de cláusulas administrativas particulares de data 07/03/2018 e o prego de prescricións técnicas de data 07/03/2018, que rexerán a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de contratación e tramitación ordinaria, para a licitación da contratación do servizo indicado, cun orzamento de licitación que ascende a un total de 296.813 euros (base: 245.300 €; 21% IVE: 51.513 €).

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto e tramitación ordinaria.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe total de douscentos noventa e seis mil oitocentos trece euros (296.813€), de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), de acordo co artigo 135.1 da LCSP así como no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

Cuarto.- Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias do Pleno como órgano de contratación en relación co presente expediente.

Cando a Xunta de Goberno Local actúe por delegación do Pleno do Concello, someterase o asunto a previo ditame da comisión informativa correspondente, esa parte da sesión terá carácter público e darase conta do acordado na seguinte sesión plenaria.

Quinto.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no que se refire ao acordo de delegación de competencias, en cumprimento do disposto no art. 51.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

En Vimianzo, a 8 de marzo de 2018.

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que esta licitación pretende converterse nun punto de inflexión na xestión de residuos neste concello, porque no 2020 hai que acadar o 50% da reciclaxe e porque pretenden ampliar e mellorar o servizo. Explica o obxecto do contrato, aclarando que se vai tratar a fracción orgánica, que a recollida de papel-cartón e vidro se centralizará no punto limpo, a recollida de plásticos agrícolas se fará a demanda nas propias granxas, o mantemento e lavado de colectores farase dúas veces ao ano, prevese a colaboración nas campañas de información ambiental e a xestión do punto limpo que se inaugurou en agosto, así como as recollidas extraordinarias. Manifesta que plantexan unha estratexia moi potente que pretende situar ao concello dentro das marxes que a normativa prevé para 2020. Isto sabeo ben a xente que emigrou e leva anos con outros sistemas. Anuncia que este cambio se levará a cabo en varias fases e tratarán que a xente entenda cousas tan obvias como que no colector verde non poden tirar pedras, herba, paus, ferros, etc. Esas cousas van ao punto limpo, que ademais é gratuito. Lembra que en varios plenos anunciou que o goberno estaba traballando nesta estratexia.

O alcalde continúa explicando que outro dos obxectivos é a mellora do medio ambiente. Non pode haber vertedoiros incontrolados. Outro dos obxectivos ten que ver coa mellora da economía local, pois a Sogama



pagamos uns 240.000 euros anuais. Se a reciclaxe chega ao 50%, a conta é sinxela. O actual sistema é moi caro, aparte de estar fóra do seu tempo. O plantexamento é facelo sen subir impostos e chegar a aplicar unha imposición progresiva, para que o usuario pague polo que consume, como a auga. Cando todas as fases estean implantadas, a taxa será variable en función do que cada usuario produce. A través do contrato de servizos, o concello mantén a titularidade do servizo, aproba as directrices, os regulamentos e as taxas. Como dereito dos traballadores, o prego contempla a subrogación. Tivo unha reunión dos traballadores do servizo e explicoulles o tema. Conservan os dereitos e a antigüidade actuais e seguen rexéndose polo convenio do concello ata que a empresa negocie con eles un novo convenio. Tamén se transfiren os camións.

A concelleira do PSOE está dacordo en facer todo o posible por mellorar o medio ambiente e adaptarse aos obxectivos que marca Europa. Pero coa subrogación, o goberno está privatizando os servizos municipais, cunha mentalidade de dereitas. Se lles promete unha cousa pero camiñan cara a precariedade laboral. Refírese ao punto 7.1 do prego de técnicas, que di que se o servizo volve a ser prestado polo concello con medios propios, o persoal non retorna ao concello. Pregunta que vai pasar cos traballadores nese caso.

O alcalde di que aínda que eso estea no prego, a xurisprudencia di outra cousa e está por riba do prego. Aínda así, agradece a aportación e di que se elimina o último parágrafo da cláusula 7.1.1.

A concelleira do PSOE di que no resto está dacordo, en mellorar o servizo, pero neste punto non porque dous deles son persoal laboral fixo do concello.

O concelleiro de TEGA alégrase deste comentario e considera que se unha empresa pode prestar o servizo obtendo beneficios, o concello tamén. Acusa ao alcalde de ter un afán privatizador e lembra os despedidos da animadora cultural e psicóloga.

O alcalde prégalle que se axusta á orde do día.

O Sr. Rodríguez Blanco segue dicindo que tamén se despediu ao auxiliar de augas, etc. Di que o seguinte alcalde vai ter un grave problema porque se privatizan servizos que funcionaban de maravilla. Pon como exemplo que aos traballadores do lixo, como os coñece todo o mundo, pídelles que paren coller un colchón e así o fan... A ver se coa empresa fan o mesmo.

O alcalde responde que xa sabe que non poden parar coller un colchón.

O concelleiro de TEGA di que xa o sabe, pero se llo piden fano. Considera que controlar o que tira cada veciño non ten xeito, e a xente vai acabar tirando todo no monte. Pide que se deixe todo como está.

A concelleira de IxV di que ten que modificar o seu discurso ao eliminarse o parágrafo do punto 7.1. Considera que o discurso do alcalde é moi bonito, pero imos ter que seguir pagando o lixo e a empresa que veña vai gañar cartos, así que o aforro está por ver. Está segura de que se vai perder calidade na prestación do servizo, porque a dispoñibilidade dos traballadores ata agora era total e custa cartos, veremos se coa empresa é así. En breve veremos se vai subir a taxa ou non. Reprocha ao alcalde que falara cos traballadores cando o prego xa estaba feito. Di que está en contra de privatizar o servizo. No servizo de augas houbo unha privatización e agora vemos factura dunha empresa e doutra da mesma familia. Co SAF pasou o mesmo, por moito que o alcalde mande cartas ás casas con panfletos e gráficas que ninguén entende. Igual pasou co servizo de deportes, obrigando a un traballador a subrogarse en dúas empresas e presentar contenciosos. Con este proceder os servizos empeoran e aumenta a precariedade laboral.

O alcalde reitera que aínda que estivera esa frase no prego, a lei está por riba. Aquí houbo moito debate e os tribunais din que neste caso a administración ten que asumir aos traballadores. Parécelle ben esa defensa dos traballadores por parte da oposición e quere supoñer que tamén o fan nas súas empresas. É lamentable que a única pega deste expediente sexa a subrogación dos traballadores, e quere dicir que o resto está ben. Non lle parece coherente descalificar a priori o traballo dunha empresa que non se sabe quen vai ser. Cando estiveron no goberno, non tiveron problema en contratar unha empresa para xestionar os servizos sociais, na modalidade de xestión indirecta mediante concesión, e non había as limitacións á contratación de persoal que hai agora. Considera que hai que superar os prexuízos e argumentar. Nega que se estea vendendo o servizo, pois o concello mantén as potestades de dirección. Sabe que a empresa vai ter moito interese en que os colectores amarelos estean cheos (porque lle pagan por eles) e os verdes baleiros. Se consideran que o SAF non se presta con calidade, entón afirmou con datos, pero en dous anos pasaron de pestar 6.000 horas a 12.000 horas anuais e de 45.000 euros de aportación da Xunta a 90.000 euros, de xeito que o concello aportou a cantidade máis baixa dos últimos 7 anos. Está moi mal extender a idea de que o mellor é traballar no concello, porque o que hai que poñer



en valor é o traballo, sexa no concello ou nunha empresa. Está convencido de que os traballadores non van ter ningún problema coa empresa. O lixo sempre se vai ter que recoller e en Vimianzo precísanse catro persoas, lo tanto son postos de traballo seguros e blindados polo convenio colectivo. O debate vai estar en aumentar a reciclaxe para aforrar 100.000 euros ao ano, contribuir á mellora do medio ambiente e ampliar os servizos prestados. Limpar os colectores dúas veces ao ano era o obxectivo do goberno, algo que nunca se fixera, e que non foron quen de acadar. Lembra que as traballadoras do SAF incrementaron o seu salario, porque no concello os incrementos salariais márcanos a lei de orzamentos do estado e non puideron cumprir esto.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por seis votos a favor de Adiante Vimianzo, unha abstención da Sra. Mouzo Maceiras e tres votos en contra de IxV e Sr. Rodríguez Blanco, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Modificación do cadro e catálogo de persoal do orzamento do ano 2018.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 28 de febreiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos reunida o 13 de marzo de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: modificación cadro e catálogo de persoal do orzamento do ano 2018.

Visto que o cadro de persoal e o catálogo de persoal do orzamento do exercicio 2018, non incluían a praza de funcionario interino por programas de Técnico de Traballo Social, que si esta debidamente orzamentada na área de servizos sociais 231 e capítulo 1 de persoal.

Considerando a necesidade de modificar os anexos de persoal do orzamento do Concello para incluír a praza debidamente dotada.

Visto o informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobación inicial da modificación do cadro e catálogo de persoal do orzamento do ano 2018, incluído o apartado de persoal funcionario interino, sendo a modificación a seguinte:

CADRO DE PERSOAL. EXERCICIO 2018

F) PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PREVISTO NO EXERCICIO

PRAZAS	ESCALA	SUBESCALA	CATEGORIA	CLASE	SUBGRUPO	ANTIG.	CODIGO POSTO	SITUACIÓN
AREA: ACCIÓN SOCIAL								
Traballador/a Social	Admón Espec	Técnica	Media	---	A2		SSF-05	Cuberta funcionario interino por programa

CATALOGO DE POSTOS DE TRABALLO. EXERCICIO 2018

F) PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PREVISTO NO EXERCICIO

Nº ORDEN PUESTO	DENOMINACIÓN PUESTO	SUBGRUPO	NIVEL C. DESTINO	COMPLEMENTO ESPECIFICO	SITUACION/OBSERVACIONES
AREA: XESTIÓN ADMINISTRATIVA					
SSF-05	Técnico de Traballo Social	A2	18	7.000	Cuberta funcionario interino por programa



Segundo: Que se proceda a exposición pública desta modificación no cadro e catálogo de persoal para o exercicio 2018 no Taboleiro de Anuncios do Concello durante quince días hábiles, coa fin de que os interesados poidan examinalo e interpoñer, no seu caso, a reclamación que estimen oportunas perante o Pleno. O inicio da exposición deberá ser igualmente publicado no BOP.

Terceiro: Transcorrido o período de exposición pública, e no caso de que non se tiveran interposto reclamacións durante o mesmo, o acordo ata entón provisional elevarase á categoría de definitivo unha vez se publique integramente a redacción da nova base de execución, entrando en vigor a partires da dita publicación.

En caso de existir reclamacións, o Pleno deberá tomalas en consideración e decidir sobre a súa procedencia.

Vimianzo, 28 de febreiro de 2018.

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que se trata de subsanar un erro e equiparar os salarios da traballadora social funcionaria de carreira e da interina.

A concelleira de IxV di que está dacordo no principio “igual traballo, igual salario” pero non cos salarios marcados na RPT, e por ese motivo se vai abster. Aclara que non están dacordo coa RPT pero se non votaron en contra foi para non perxudicar á maioría dos traballadores.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por seis votos a favor de Adiante Vimianzo, catro abstencións de IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

5º. Modificación do acordo plenario de data 26/01/2018 en relación coa liquidación do ano 2017 do contrato de xestión dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 28 de febreiro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos reunida o 13 de marzo de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE DATA 26/01/2018, EN RELACIÓN COA LIQUIDACIÓN ANO 2017 DO CONTRATO DE XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, CENTRO DE DÍA, ESCOLA INFANTIL E COMEDOR E LAVANDERÍA SOBRE RODAS.

Visto que no Pleno de data 27/01/2017, se aprobou o canon a pagar polo GRUPO REACTEDA SL para o ano 2017, que ascendía a un importe de 19.049,23 €.

Visto que no Pleno de data de 31/03/2017 se modificou o citado canon a pagar polo GRUPO REACTEDA S.L. para o ano 2017, como consecuencia da modificación do contrato pola que se eliminaba o Centro de Día, ascendendo o novo canon a un importe de 17.519,77 €.

Visto que no Pleno ordinario de data 26/01/2018 se aprobou a liquidación do ano 2017 do GRUPO REACTEDA S.L. tendo en conta o canon inicialmente aprobado para o ano 2017, que ascendía a cantidade de 19.049,23; así como tamén se aprobou o canon para o ano 2018, partindo desta cantidade errónea.



Visto o informe emitido pola TAX, en relación cos novos importes segundo o canon correcto aplicable, que é de 17.519,77 €.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Modificar o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xaneiro de 2018, referido a liquidación do ano 2017 e ao importe do canon para o exercicio 2018 do GRUPO REACTEDA SL, que quedaría redactado da seguinte maneira:

“Terceiro.- Que se proceda ó cobro da contía pendente do canon 2017, que ascende cento corenta e tres euros e vinte céntimos (143,20 euros), á empresa adxudicataria deste servizos Grupo Reacteda, S.L.

Cuarto: Que o canon que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 17.817,61 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2018.”

Terceiro.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo aos servizos económicos, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto.- Notificar ao interesado.

Vimianzo, 28 de febreiro de 2018
O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

De orde do Sr. alcalde, a interventora explica que no acordo adoptado en xaneiro de 2018 se partiu dun importe erróneo, e cando foron contabilizar detectárono.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

6º. Bonificación do ICIO a Gandería Lema Pose S.C.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 7 de marzo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos reunida o 13 de marzo de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: BONIFICACIÓN DO ICIO Á GANADERÍA LEMA POSE, S.C. POLA SOLICITUDE DE LICENZA DE CONSTRUCCIÓN DE ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA E APEROS DE LABRANZA, SITUADO EN A COSTA, PARROQUIA DE SALTO (EXPTÉ TEDeC 2018/X999/000013)

Visto expediente promovido por Ganadería Lema Pose, S.C., representada por D.^a María Rosalía Pose López, no que solicita a bonificación do 95 % da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 175 do 15 de setembro de 2014.

Visto o informe emitido pola TAX do Servizo Económico, de data 2 de marzo de 2018.



Considerando que nas obras que se pretende realizar (construción de almacén de maquinaria agrícola e aperos de labranza, situado en A Costa, parroquia de Salto) concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que no actual entorno de crise se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras.

Tendo en conta ademáis o carácter eminentemente rural do noso concello, e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades.

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Ganadería Lema Pose, S.C., representada por D.^a María Rosalía Pose López, unha bonificación do 95,00 % da cota do ICIO para as obras de construción de almacén de maquinaria agrícola e aperos de labranza, situado no lugar de A Costa, parroquia de Salto, recoñecendo o especial interese municipal das obras a realizar.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á interesada, e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino, en Vimianzo

O alcalde”

O alcalde explica que se refire á bonificación prevista na ordenanza fiscal do ICIO para explotacións gandeiras.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

7º. Bonificación do ICIO a Germán y Caamaño, S.L.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 7 de marzo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos reunida o 13 de marzo de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: BONIFICACIÓN DO ICIO Á GERMAN Y CAAMAÑO, S.L. POLA SOLICITUDE DE LICENZA DE CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL DESTINADA A ALMACENAMENTO DE MATERIAL PARA REALIZAR TODO TIPO DE TUBOS METÁLICOS, ASÍ COMO DEPÓSITO DE FERRAMENTAS, SITUADA NA FINCA B7-B8, RESULTANTE DA AGRUPACIÓN DAS FINCAS B-7 E B-8 DO PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZO (EXPTE TEdC 2017/X999/000004)

Visto expediente promovido por Germán y Caamaño, S.L., representada por D. Germán Lema Suárez, no que solicita a bonificación do 95 % da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 175 do 15 de setembro de 2014.

Visto o informe emitido pola TAX do Servizo Económico, de data 1 de marzo de 2018.

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do “Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo” (BOP nº 175 do 15 de setembro de 2014), que no apartado terceiro do artigo 6º establece a seguinte bonificación:

“Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pomenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.”



Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Germán y Caamaño, S.L., representada por D. Germán Lema Suárez, unha bonificación do 95,00 % da cota do ICIO para as obras de construción de nave industrial destinada a almacenamento de material para realizar todo tipo de tubos metálicos, así como depósito de ferramentas, situada na parcela B7-B8, resultante da agrupación das parcelas B-7 e B-8 do parque empresarial de Vimianzo, recoñecendo o especial interese municipal das obras a realizar.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino, en Vimianzo

O alcalde”

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

O alcalde anuncia a inclusión, como punto n.º 8, dun asunto que non forma parte da orde do día, pero que foi ditaminado o xoves 15 de marzo pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, referido á aprobación provisional da Modificación Puntual n.º 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento. Pola súa importancia considera conveniente proceder á súa aprobación provisional nesta sesión, sen necesidade de agardar á vindeira sesión ordinaria.

Sometida a votación a declaración da urxencia da inclusión deste asunto na orde do día da sesión, resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, acadando a maioría absoluta esixida polo art. 83 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réexime Xurídico das entidades locais.

8º. Aprobación provisional da modificación puntual núm. 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vimianzo “Usos comerciais en ordenanzas de solo urbano”.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 14 de marzo de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, reunida en sesión extraordinaria e urxente o 15 de marzo de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación provisional da modificación puntual núm. 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vimianzo “Usos comerciais en ordenanzas de solo urbano”.

O Pleno da Corporación aprobou inicialmente en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2017 a modificación puntual núm. 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vimianzo “Usos comerciais en ordenanzas de solo urbano” (MP5).

O anterior acordo foi sometido a información pública durante dous meses mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia nº 74 do 18.04.2017 e no xornal “La Voz de Galicia” o 20.04.2017. Asemade, e remitiuse o expediente remítese á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (RS 1566), en cumprimento do disposto no art. 60.7 da LSG.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo remitiu informe o 20.10.2017 con RE 6491, sobre o resultado do trámite previsto no art. 60.7 da LSG, acompañando copia dos informes sectoriais. Todos os informes sectoriais son favorables, agás o da Dirección Xeral de Patrimonio.

En febreiro de 2018 elaborase a última versión do documento da MP5, incorporando as esixencias plantexadas pola Dirección Xeral de Patrimonio. O citado documento é informado favorablemente polo citado organismo o 14.03.2018 (RE 1604).

Visto o informe técnico-xurídico emitido pola secretaria e a técnica de urbanismo e obras o 14.03.2018, en sentido favorable á aprobación provisional do documento elaborado en febreiro de 2018.



Cumpridos os trámites previstos no art. 60 da LSG, veño en elevar ó Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual núm. 5 das Normas Subsidiarias: "Usos comerciais en ordenanzas de solo urbano", co alcance e contido do proxecto que se xunta a esta proposta, de data febreiro de 2018 (RE 1601).

Segundo.- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o outorgamento da aprobación definitiva da modificación puntual.

Vimianzo, 14 de marzo de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que este expediente xa foi aprobado inicialmente polo Pleno e agora trátase de aprobalo provisionalmente e remitilo á Xunta, que ten tres meses para aprobalo definitivamente, e eso é o que agardan. Comenta que con esta modificación os baixos comerciais aumentan o seu fondo d 18 a 27 metros e tamén resoven problemas en Baíñas, en ambas marxes da estrada AC-441. Tamén se introduce unha nova tipoloxía edificatoria que permite facer un centro comercial en Vimianzo sen ter que facer un edificio de vivendas, sempre e cando a parcela conte cunha superficie de 1.500 m2 e un estudo de detalle. Deste xeito pode facerse edificación illada no medio de edificación entre medianeiras. Hai pequenos cambios na Piroga para adaptarse á tipoloxía de vivenda unifamiliar (agora plurifamiliares) e tamén adaptarse ás esixencias da Xunta de Galicia tanto de Augas (reducir edificabilidade nas zonas inundables) como de Patrimonio. Aclara que a zona do Castelo está exenta desta ampliación de fondo dos baixos comerciais e na zona do Castro das Barreiras non se pode edificar en tanto non se aprobe un Plan especial de protección. Xa sabe que un PXOM sería mellor, pero entre os desexos e quedar de brazos cruzados está esa opción de ir facendo modificacións puntuais. E coa MP6 avanzamos moito na actualización das nosas NN.SS.

A concelleira do PSOE cre que con esta modificación que se presenta como moi bonita, hai que pararse a pensar no comercio local antes de pensar en grandes áreas comerciais. Parécelle ben o que comentou dos núcleos rurais, pero o prioritario é que o departamento de urbanismo funcione. A xente non pode nin pintar unha fachada.

O concelleiro de TEGA di que vai apoiar esta proposta, pero coa cantidade de modificacións que levamos feitas xa case facemos o PXOM. Di que en Baíñas é unha mágoa que non chegaran á zona de Mármoles Baíñas e onde está a nave de Feiraco. Dille ao alcalde que ten que explicarlle mellor aos veciños o tema das zonas inundables.

A concelleira de IxV quere facer varios matices á intervención do alcalde. Lembra que á comisión informativa veu o técnico de Oficina Galega e fixo unha exposición moi positiva, pero hai matices que facer. O alcalde falou de presión social e de compromiso do goberno. Non ten nada en contra desta modificación, pero denuncia o atasco que sofre o servizo de urbanismo e onte mesmo viñeron varios veciños asesorarse e non houbo quen os atendera. Por outro lado, unha empresaria loitou por montar unha farmacia en Baíñas e non recibiu o mínimo apoio dende o goberno. Fala de presión social pero non a ten en conta para a casa do veciño de Bamiro. Oxalá contratara a OGPA para facer a MP6, así xa estaría aprobada. Agora acaba de sacar a licitación a redacción de obras e proxectos e adxudicárase a un estudo grande da Coruña ou Santiago, e hai que pensar en Vimianzo e nos profesionais que temos. Pide que se teña a mesma urxencia coa casa de Evaristo Blanco e coa farmacia de Baíñas. Hai que tratar á xente con igualdade e deixarse de caprichos. Vai apoiar esta modificación. Aclara que antes non a apoiou polas zonas inundables pero hoxe ten máis información e por eso vai votar a favor.

O alcalde di que a empresa foi a mesma que redactou a MP4. Tamén lle gustaría que fixera a redelimitación dos núcleos, pero houbo un consenso para que o fixera a Deputación. En calquera caso, a MP6 está feita, chegou un venres á tarde e o luns remitiuse á Medio Ambiente e á APLU, así como ao veciño interesado. Cando chegue o informe ambiental, convocarase un pleno extraordinario para aprobala inicialmente.

Di o alcalde que lle bota en cara o tema do estudo de detalle da farmacia, expediente que xa sabemos como acabou e coñecemos a actitude pouco profesional do arquitecto municipal. O que non vai facer o alcalde é conceder unha licenza ilegal, porque as cousas hai que facelas ben. Gustaríalles ter un arquitecto municipal, pero o funcionario está expedientado pendente dun recurso de apelación diante do TSXG. A interina está de baixa e o



concello bota man de todos os medios ao seu alcance para resolver os expedientes. Dille á concelleira que mire a orde do día, coas bonificacións a unha granxa e a Gerca, e a nave de Hijos de Rivera que concederon. Outra cousa é que non saian os expedientes que teñen problemas. Miren as resolucións da Alcaldía respecto dos expedientes de comunicación previa. Esa paisaxe desoladora que pinta a concelleira non se corresponde coa realidade. Con todo, ao goberno gustaríalle que houbera máis actividade.

O alcalde recoñece que onte non se puido atender á xente que veu sen cita porque unha funcionaria está de baixa e a técnica pediu o día de asuntos propios o día anterior. Pero di que aos veciños se lles informa. Recentemente tiveron dúas reunións coa xerente de SEA por empresas que queren instalarse no polígono e dixéronlles que poden pedir informes de viabilidade. Afirmo que non quere volver a como estaba antes o urbanismo.

No tema das zonas inundables e de como lle afecta esta modificación á Baíñas, di o alcalde que non poden ampliar a zona urbana porque lles obrigarían a facer un PXOM, polo que ese tema se abordará noutro momento. O problema dos incendios se entende cando arde o monte e vemos que non pode haber piñeiros xunto as casas, e despois a xente esquecese. En Vimianzo cando chove nalgún garaxe tiveron que sacar os coches. A Xunta pretendía impedir edificar e chegaron a un punto intermedio que foi reducir a edificabilidade.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor de Adiante Vimianzo, IxV e grupo mixto, ningunha abstención e ningún voto en contra, acadando o quórum da **maioría absoluta do número legal de membros da Corporación**, en cumprimento do disposto no art. 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

9º. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no BOP:

- BOP n.º 34 do 19/02/2018, anuncio de aprobación definitiva do Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal de Concello de Vimianzo.
- BOP n.º 24 do 02/22/2018, anuncio de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal n.º 16, reguladora do ICIO.
- BOP n.º 24, do 02/02/2018, anuncio de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal n.º 24, reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

Asemade, dase conta dos seguintes anuncios relacionados con asuntos de competencia plenaria:

- Resolución do 25 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dispón a publicación conxunta das clasificacións de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, pola que se clasifica un posto de traballo reservado a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no Concello de Vimianzo, publicada no BOE n.º 39 do 13/02/2018.
- Anuncio de rectificación de erro material das NSPV/1994, publicada no DOG n.º 50 do 12/03/2018.

Por último, dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 212/2018 do 16/02/2018 pola que se aproba o proxecto corrixido de "obras de mantemento e mellora de estradas municipais nas parroquias de Berdoiais, Castrelo, Vimianzo, Carnés, Cereixo e Calo", incluída no POS+2018.



O Pleno da Corporación dase por enterado.

10º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende resolución núm. 71/2018 do 24/01/2018 á núm. 324/2018 do 13/03/2018.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

11º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2017.

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 263/2018 do 28/02/2018, pola que se aproba a liquidación do orzamento do exercicio 2017.

De orde do Sr. Alcalde, a interventora informa que o resultado orzamentario axustado é de 12.818,51 euros e o remanente de tesouraría para gastos xerais é de 254.027,48 euros.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

12º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

A interventora explica que se remitiron os seguintes informes:

- Plan orzamentario a medio prazo 2019-2021
- Período medio de pago a provedores 4º trimestre: -9,61 días
- Informe de morosidade 4º trimestre
- Orzamento 2018

O Pleno da Corporación queda enterado.

13º. Dación de conta da xustificación das axudas a grupos políticos municipais do ano 2017.

Dase conta da xustificación das axudas presentadas polos grupos políticos municipais correspondentes ao ano 2017.

A secretaria explica que consta informe da Intervención municipal de data 06/03/2018.

O Pleno da Corporación queda enterado.

14º. Mocións.

Non hai mocións.



15º. Rogos e preguntas.

O alcalde abre o turno de rogos e preguntas, comezando polo grupo mixto.

15.1. PSOE

A concelleira Paula Mouzo roga que a estrada que vai de Carnés a Berdoias se arranxe, porque está en mal estado e hai pouco houbo un accidente porque non hai moito ancho e é unha vía moi transitada. Tamén considera que é necesario ter unha iniciativa na volta do cruceiro da praza de Carnés.

Pregunta polas obras da rúa Tedín e Trasouteiro, xa que considera que o alcalde debería falar máis cos veciños porque hai unha praza moi ben feita para que podan aparcar os coches en batería e habería que canalizar as augas que baixan do monte. Hai que parar as obras antes de que rematen e non estragar os cartos dos veciños.

15.2. TEGA

O concelleiro de TEGA plantexa as preguntas:

1ª. Estanse regularizando polo concello as cesións dos veciños para facer obras? Para que despois non haxa problemas.

2ª. Roga que se cre unha comisión cos grupos, o contratista e o técnico porque os veciños de Santa Comba non puideron saír da casa. Considera que alguén é o responsable, se non haberá que presentar un escrito á Deputación para pedir responsabilidades.

3ª. Somos o concello que máis tubos metemos, hainos en todas as entradas, xa o facía o goberno anterior e este non fai menos. Roga que o concello poña tubos de 40 como mínimo, para que non se atasquen. Na estrada de Baíñas a Olveira contou 60 tubos, para eso é mellor entubar a cuneta toda.

15.3. IxV

A concelleira de IxV comeza cos rogos:

1º. Que visite as pistas que acaban de facer, pois a que vai da pista de atletismo a Casais está intransitable. É tirar os cartos porque non aguantan un inverno.

2º. O camiño de Rasamonde a Piñeiros está igual e non lle bote a culpa aos madeiristas. Con 3.000 euros non poden facerse maravillas-

3º. Que visite a obra de Tedín e verá as carencias que ten.

4º. Casi todos os concellos da volta están organizando unha campaña contra a velutina. Roga que o concello se una e tome medidas.

5º. O centro social da pena, hai moita humidade.

6º. Xa se contrataron albaneis e tractorista. Roga que se licite a limpeza das parroquias.

A continuación formula as preguntas:

1ª. Vaise solicitar un informe á Deputación sobre a condición de non adscritos do grupo de goberno?

2ª. O 8 de marzo foi o día da muller traballadora e o goberno ten moita palabrería pero salvo a pancarta non se fixo nada. Parécelle axeitado?

3ª. Esta seana veu o delegado da Xunta ver o centro de interpretación dos minerais e nin siquiera se convidou á asociación de veciños. Cal foi o motivo?

4ª. Hai unha serie de expedientes, entre eles unha veciña (María Suena) que presentou unha reclamación no 2012. Critica que non se resolvera e que se cargue aos funcionarios de traballo podendo resolver as cousas de raíz.



5ª. Privatizaron a lectura de contadores e dende IxV levan tempo alertando sobre este tema. A empresa pasou case 11.000 euros de gastos por contratar a un traballador que estivo de baixa todo o tempo e a maiores 2.400 por gastos de xestión. Queda abraiada.

6ª. Preguntou canto ingresou o concello por licenzas e para acceder a esta información hai que adicarlle moito tempo porque o alcalde pon moitas trabas. En cada xunta de goberno o que ven son arquivos de expedientes. Esixe que se asesore aos veciños, pois moitos negocios abertos desistiron dos trámites pola súa complexidade.

7ª. Dalle a impresión de que coa licitación da redacción de proxectos e dirección de obras vaise deixar fora a certos profesionais de Vimianzo. Non se puido facer doutra maneira?

8ª. O alcalde adiantou 15 días o pleno por motivos que non son os reais. Pregunta se é certo que a secretaria debe ir a outra praza, e en tal caso di que o alcalde ten o deber de comunicarllo ao resto dos concelleiros. Quere saber si é certo que vai vir comisionada un día á semana, tempo insuficiente se a día de hoxe a funcionaria ten unha dedicación do 130% ao concello. Que vai pasar cos expedientes cando marche, se agora mesmo xa hai retraso? Cantos expedientes de reposición hai caducados?

O alcalde responde:

Respecto ás preguntas do PSOE, di que a praza de Carnés é propiedade da Deputación e habería que falar con eles. Existe a alternativa de ir por Tufiños. Explica que a obra de Tedín está sen rematar, pero está ben que se fagan estas propostas.

Respecto ás preguntas e rogos de TEGA, o alcalde di que teñen que regularizar as cesións dos veciños, e de feito xa dou esa orde aos funcionarios. Di que en Santa Comba hai que atender problemas puntuais de baches e pedir as responsabilidades que correspondan. O tema do número de entradas vai en función do número de fincas que haxa no tramo, polo tanto se hai 60 entradas é porque hai 60 fincas.

Respecto dos rogos e preguntas de IxV, sinala que teñen dous camiños que hai tempo que teñen dificultades, e hai dous meses que a empresa quedou en arranxar eso. Na vía de Rasamonde a Piñeiros os madeiristas fan un uso indebido e teñen que repoñela. Sinala que na obra de Tedín as xardiñeiras están colocadas e se hai que movelas, mirárase. Afirma que o único concello que ten un plan de eliminación da velutina é Vimianzo, pois outros concellos non actúa ao ser unha competencia da Xunta. Aínda así saben que é un parche e eles sós non van acabar coa velutina. Recoñece que no centro social hai humidades e hai que darlle unha pensada. Respecto á limpeza de núcleos, vaise prorrogar. Respecto do grupo Adiante Vimianzo, el non ten ningunha dúbida, se a ten a concelleira, entón que pregunte.

O alcalde di estar orgulloso do acontecido o 8M, pois no concello o 80% das traballadoras fixo folga. Estivo na concentración das 20 horas en Cee como alcalde, e informou ás traballadoras do dereito a faceren folga e está orgulloso do seguimento.

Aclara que a visita do delegado da Xunta a Castrelo foi organizada por eles, polo tanto non é responsabilidade do alcalde. Respecto a Maica Suená, di que tropezou co cristal dunha porta, mandouse ao seguro de responsabilidade civil e fixo un informe a Policía local concluíndo que foi un despiste. Neste momento estase tramitando e o alcalde fixo o que tiña que facer. Disgústalle que esta persoa se sinta maltratada, pero non pode actuar contra os informes que hai no expediente.

Sinala que tiveron un problema coa lectura de contadores, pois o traballador pediu unha excedencia antes de licitarse o servizo e incorporouse antes do previsto, polo cal houbo que modificar o contrato coa empresa e subrogalo. O traballador recurriu a subrogación e chegaron a un acordo. Non se vai meter na relación entre empresa e traballador, pero considera que ambas partes gañaron con ese acordo.

Di que non ten datos dos ingresos do 2017 por licenzas, pero cando queira a concelleira pode pedir os datos a Intervención. Aclara que o arquivo de expedientes urbanísticos se produce porque os interesados non achegan a documentación requirida. Considera que hoxe non é o día de falar dun urbanismo caótico, pois pintar unha fachada ou facer un muro é do máis sinxelo que hai e o alcalde cada semana resolve unhas cantas comunicacións previas. Outra cousa é topa con Augas de Galicia ou con Patrimonio, autorizacións preceptivas que retrasan moito a concesión das licenzas. Agora hai que falar ben de Patrimonio, pois ven de sacar unha instrución que senta uns criterios que permiten axilizar os expedientes. Non pode dicir a concelleira que hai moitos negocios que



están realizando unha actividade sen autorización municipal e esixir que o alcalde colabore con eles, porque non se pode contravir a normativa. Automáticamente ten unha denuncia en Corcubión.

Respecto á licitación dos proxectos e dirección de obras, presentáronse unhas 7 ou 8 ofertas. Gustaríalle seguir co procedemento actual pero existe unha lei de contratos que entrou en vigor o 9 de marzo e aínda restrinxe máis os contratos menores, polo tanto van licitar aínda máis servizos e subministracións.

Para rematar, dille á Sra. Rodríguez Ordóñez que acusa ao alcalde de non dialogar e non dar información, pero manexa ella máis información que o alcalde. Dille que non teña tantas gañas de que marche a secretaria, e antes de que marche debería pedirle disculpas polas denuncias infundadas que lle presentou en Corcubión.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 22:38 horas , a presidencia remata a sesión e eu redacto esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 16-03-2018.

O alcalde

A secretaria